

No horario non autorizado para o traballo nos viveiros, as embarcacións auxiliares de acuicultura non poderán permanecer abarloadas a ningún viveiro flotante.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010.

Juan Carlos Maneiro Cadillo
Director xeral de Competitividade e Innovación
Tecnolóxica

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 23 de setembro de 2010 pola que se adhire unha entidade financeira ao convenio de colaboración para o apoio financeiro á hostalaría, comercio, turismo e servizos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas (Re-invirte Ferrol).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 20 de abril de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o apoio financeiro á hostalaría, comercio, turismo e servizos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (Re-invirte Ferrol). As ditas bases foron publicadas mediante Resolución do 22 de xullo de 2010 (DOG nº 142, do 27 de xullo).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Ratificouse con data do 20 de setembro de 2010, a adhesión da entidade financeira *Caja España de Inversiones, Caja de Ahorros y Monte de Piedad*, polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único.-Engadir a entidade financeira *Caja España de Inversiones, Caja de Ahorros y Monte de Piedad* á relación de entidades financeiras adheridas ao con-

venio de colaboración para o apoio financeiro á hostalaría, comercio, turismo e servizos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas (Re-invirte Ferrol), asinado o 22 de xullo de 2010.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 4 de outubro de 2010 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, establece os requisitos, procedementos e incentivos para unha rehabilitación e renovación de calidade das vivendas e edificios, tanto no medio rural como nos conxuntos históricos de Galicia. No citado decreto establécese ademais que as subvencións recollidas nel se regularán por ordes anuais de convocatoria.

A disposición derradeira primeira do citado Decreto 157/2006, do 7 de setembro, outórgalle á conselleira de Vivenda e Solo, no marco das súas competencias, a potestade de ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e a súa aplicación.

A Orde do 13 de decembro de 2006, da Consellería de Vivenda e Solo, pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade, determina o procedemento de obtención, as actuacións previstas, os requisitos exixidos e canto for necesario para a obtención da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, que constitúe un requisito necesario da vivenda para ser beneficiario das subvencións en materia de rehabilitación e renovación.

A Orde do 18 de agosto de 2009, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se modifica a Orde do 13 de decembro de 2006, pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade, estableceu o prazo de finalización da presentación de solicitudes para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade o 31 de agosto do citado ano, non obstante, a pesar de ter rematado o prazo, quedan moitos expedientes de vivendas que están en fase de execución dos traballos de rehabilitación ou renovación e que poderán solicitar unha subvención que contribúa ao citado gasto.

Por este motivo, con data do 19 de xullo de 2010, publicouse no DOG a Resolución do 1 de xullo de 2010, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, constatouse a insuficiencia do crédito inicialmente asignado para atender as solicitudes, polo que se considerou necesario realizar unha modificación orzamentaria e incrementar as correspondentes aplicacións orzamentarias, na cantidade total de 6.759.691 euros que se destinan a unha nova convocatoria, dado que non é posible proceder á modificación da contía máxima fixada na anterior convocatoria ao non concorrer, no presente caso, ningún dos supostos previstos no artigo 30 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

Por este motivo é necesaria unha nova convocatoria que ampare as solicitudes presentadas para as cales non chegase o crédito dedicado. Nesta nova convocatoria, os créditos repártense por actuacións e provincias, atendendo ás solicitudes presentadas na anterior convocatoria e aos datos que constan na aplicación informática do programa de cédula de rehabilitación de calidade. A citada convocatoria realizarase de acordo cos mesmos criterios da Resolución do 1 de xullo de 2010 e de acordo coas bases reguladoras publicadas na Orde do 27 de maio de 2008 da Consellería de Vivenda e Solo, pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, modificada pola Orde do 10 de maio de 2010 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Unha vez suprimida a Consellería de Vivenda e Solo polo Decreto 83/2009, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) é o órgano competente para a realización da política de vivenda e solo, segundo o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o artigo 1 do Decreto 317/2009, do 4 de xuño, de estrutura orgánica do IGVS.

Mediante esta resolución convócanse as subvencións para o exercicio económico 2010, establécese o prazo de presentación de solicitudes de subvencións establécese o seu importe máximo e as partidas orzamentarias en que figuran os créditos que as amparan.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas polo Decreto 317/2009, do 4 de xuño, e de acordo coa Lei 9/2007, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta resolución ten por obxecto abrir a convocatoria no exercicio económico de 2010, nun procedemento de concorrencia non competitiva, das subven-

cións a fondo perdido para as persoas promotoras de actuacións de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

2. As bases reguladoras destas subvencións aprobáronse por Orde do 27 de maio de 2008, publicada no DOG nº 107, do 4 de xuño, e modificada pola Orde do 10 de maio de 2010, publicada no DOG nº 118, do 23 de xuño.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables.*

De acordo co artigo 2 da Orde do 27 de maio de 2008 serán subvencionables aquelas actuacións de rehabilitación ou renovación de vivendas unifamiliares rurais e edificios ou vivendas en núcleos históricos reguladas no artigo 5 da Orde do 13 de decembro de 2006 e que figuran na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Artigo 3º.-*Requisitos para obter a subvención.*

1. De acordo co establecido no artigo 3 da Orde do 27 de maio de 2008, as vivendas e locais deberán estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

2. As ditas actuacións deberán estar rematadas no presente exercicio orzamentario, polo que o prazo de execución das obras, que figure na citada resolución de conformidade, non poderá ser superior ao 31 de decembro de 2010. Enténdese que tamén cumpren este requisito as vivendas que xa estean en posesión da cédula de rehabilitación de calidade.

3. Os requisitos citados nos números anteriores acreditaranse coa presentación da resolución de conformidade, ou da cédula de rehabilitación de calidade.

4. No caso de solicitude de subvencións para vivendas situadas en ámbito rural, os ingresos familiares ponderados non poderán exceder 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples, de acordo co establecido no artigo 5 do Decreto 157/2006, do 7 de setembro.

Para os efectos anteriormente indicados, para a determinación dos ingresos familiares, de acordo co artigo 5 da Orde do 27 de maio de 2008, computaranse os ingresos da base imponible xeral e do aforo, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación vencido, á solicitude da subvención.

Artigo 4º.-*Importes máximos das subvencións.*

En relación á porcentaxe do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación

de calidade, establecidas no artigo 7 do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, as subvencións non poderán superar as seguintes cantidades máximas:

1. Nos casos de rehabilitación en ámbito rural ou en conxuntos históricos, o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 6.600 euros.

2. Nos casos de renovación en ámbito rural ou en conxuntos históricos, o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 8.600 euros.

3. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo co establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo, sen prexuízo das compatibilidades establecidas regulamentariamente con outras axudas que se puidesen conceder para a mesma finalidade, o conxunto de todas as axudas para rehabilitación non poderá superar o 75% do custo do orzamento protexible, de acordo co establecido no artigo 75 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. De acordo co establecido no artigo 6 da Orde do 27 de maio de 2008, as solicitudes para estas axudas presentaranse nas áreas provinciais do IGVS que correspondan por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, axustándose ao modelo que figura no anexo I desta resolución.

2. Os documentos que se deben achegar á solicitude son os seguintes:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou do NIF do solicitante, ou autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para a consulta dos datos de identidade (DNI) no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve.

b) Fotocopia da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade en que figure unha data de execución das obras non superior ao 31 de decembro de 2010 ou fotocopia da cédula de rehabilitación de calidade se xa a ten.

c) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para as actuacións obxecto desta solicitude, das administracións públicas ou doutros entes públicos.

d) Nas solicitudes para vivenda unifamiliar no ámbito rural:

-Autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar por vía telemática as acreditacións relativas a ingresos e débedas, ou fotocopia compulsada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á data de solicitude, e certificado das rendas expedido nos termos do Real decreto 3/2004, do 5 de marzo, pola Axencia Estatal Tributaria, correspondentes ao conxunto dos membros da unidade familiar.

-No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

*Se ten presentado o modelo de solicitude de devolución 104-105, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

*Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no devandito exercicio e, se for o caso, certificado de pensións, ou prestacións periódicas, certificado do Inem e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

-No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se for o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

-Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable e copia cotexada do libro de familia.

3. Así mesmo, os membros da unidade familiar e os solicitantes adicionais deberán acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non teñen pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. Consonte co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a solicitude de subvencións comportará a autorización para que o Instituto Galego da Vivenda e Solo obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

4. As citadas solicitudes deberán conter os datos da persoa solicitante adicional, entendendo por tal aquela persoa que sexa cotitular sobre os dereitos de propiedade, usufruto ou arrendamento, sen asignación concreta de cotas, como pode ser o caso de

sociedades de gananciais ou comunidades de herdeiros en que concorran as citadas circunstancias.

Artigo 6º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta disposición.

Artigo 7º.-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

De acordo co establecido no artigo 8 da Orde do 27 de maio de 2008, a instrución do procedemento correspóndelle á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que corresponda por razón da situación da vivenda, sendo competente para resolver o director xeral do IGVS.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución do director xeral do IGVS pon fin á vía administrativa e será susceptible do recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ou ben de recurso contencioso-administrativo, directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, en ambos os dous casos desde o día seguinte á data de notificación.

2. O prazo para resolver fíxase en 1 mes, contado desde a data de entrada da solicitude no rexistro correspondente. Vencido o prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase a resolución, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Orde do 27 de maio de 2008.

Artigo 9º.-Notificación da resolución.

A resolución notificarase no enderezo da persoa asinante da solicitude, non sendo que esta tivese sinalado outro enderezo para a notificación, segundo o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Publicidade das subvencións concedidas.

De acordo co establecido no artigo 15.1º da Lei 9/2007, o órgano administrativo concedente publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-Prazo de xustificación da subvención.

De acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 27 de maio de 2008, o prazo máximo de xustificación da subvención será o establecido no procedemento

para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Artigo 12º.-Importe máximo e dotación orzamentaria.

1. Subvencións para vivenda unifamiliar rural.

-Para os efectos do determinado no artigo 4 do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, o importe máximo será de 4.926.829 euros e instrumentaranse financeiramente a través do crédito que figura consignado na aplicación 07.90.451A.780.0 do orzamento de gastos do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

-Os citados importes distribuiranse nos departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, coa seguinte repartición: A Coruña 757.136 €, Lugo 2.658.267 €, Ourense 900.000 €, Pontevedra 611.426 €.

2. Subvencións en conxuntos históricos.

Familias e institucións sen fin de lucro:

-O importe máximo será de 1.832.862 euros, na aplicación 07.90.451A.780.2 do orzamento de gastos do Instituto Galego de Vivenda e Solo para o ano 2010.

-Os citados importes distribuiranse nos departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, coa seguinte repartición: A Coruña 636.574 €, Lugo 993.333 € e Ourense 202.955 €.

Artigo 13º.-Solicitudes presentadas anteriormente.

Os solicitantes de subvención ao abeiro da anterior convocatoria de 2010 que non recibisen a concesión da subvención, poderán solicitar de novo na presente convocatoria, e será motivo de denegación a concesión en base á anterior convocatoria.

Neste caso tomarase como referencia a documentación entón presentada sempre e cando non se producisen alteracións que a invaliden.

Disposición adicional

As contías establecidas no artigo 12 desta resolución poderán ser obxecto de ampliación por resolución do director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e terán efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Presidente do Instituto Galego da Vivenda
e Solo



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DE CALIDADE DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CONXUNTOS HISTÓRICOS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI408B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
[]	[]	[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	INGRESOS FAMILIARES (NO CASO DE ÁMBITO RURAL)
[]	[]	[]	[]
		NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	
		[]	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE ADICIONAL

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	

E, na súa representación:

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PARROQUIA		
[]	[]		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]

DATOS DA VIVENDA OU LOCAL OBXECTO DA ACTUACIÓN

SITUACIÓN (RÚA, PRAZA)		PARROQUIA	
[]		[]	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]

SOLICITA: a concesión dos beneficios previstos para as actuacións en: <input type="checkbox"/> Ámbito rural <input type="checkbox"/> Conxunto ou núcleo histórico <input type="checkbox"/> Vivenda unifamiliar en ámbito rural que estea nun conxunto ou núcleo histórico	DESTINO DA VIVENDA <input type="checkbox"/> Uso propio <input type="checkbox"/> Alugamento
---	---

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas e DECLARA que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e que todos os datos que figuran neste impreso son certos. De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro deste decreto; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia, Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade.</i> <i>Orde do 27 de maio de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, modificada pola Orde do 10 de maio de 2010.</i> <i>Resolución do 4 de outubro de 2010 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA _____, de _____ de _____		

Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo en []

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- a) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DO NIF DO SOLICITANTE OU AUTORIZACIÓN AO IGVS PARA OBTENCIÓN DOS DATOS DE IDENTIDADE NO SISTEMA DE VERIFICACIÓN DE DATOS DE IDENTIDADE DO MINISTERIO DE PRESIDENCIA.
- b) FOTOCOPIA DA RESOLUCIÓN DE CONFORMIDADE COAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS PARA A OBTENCIÓN DA CÉDULA DE REHABILITACIÓN DE CALIDADE OU FOTOCOPIA DA CÉDULA DE REHABILITACIÓN DE CALIDADE SE XA A TEN.
- c) DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA AS ACTUACIÓNS OBXECTO DESTA SOLICITUDE, DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS.
- d) NAS SOLICITUDES PARA VIVENDA UNIFAMILIAR NO ÁMBITO RURAL:

- Autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar por vía telemática as acreditacións relativas a ingresos e débedas, ou fotocopia compulsada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á data de solicitude, e certificado das rendas expedido nos termos do R.D. 3/2004, do 5 de marzo, pola Axencia Estatal Tributaria, correspondentes ao conxunto dos membros da unidade familiar.

- No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

Se presentou o modelo de solicitude de devolución 104-105, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no devandito exercicio e, se é o caso, certificado de pensións ou prestacións periódicas, certificado do Inem e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

- No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

- Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable e copia cotexada do libro de familia.

DEBERÁN, ASÍ MESMO, ACREDITAR QUE ESTÁN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTÓNOMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL E QUE NON TEN PENDENTE NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 20.3º DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA, A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN POLA PERSOA INTERESADA COMPORTARÁ A AUTORIZACIÓN AO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS QUE DEBA EMITIR A AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, A TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE ECONOMÍA E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade (DNI) no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DAS AXUDAS DE VIVENDA E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VIA TELEMÁTICA AS ACREDITACIÓN RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS.*

Declaro/declaramos que son certos os datos da presente declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito. En aplicación do artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso a que se xunta este documento, **os/as asinantes autorizamos** o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións. O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como tramitador do expediente de solicitude de axudas, poderá solicitar á vista desta declaración calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTE OU PARENTESCO (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	AUTORIZO CONSULTA DATOS DE IDENTIDADE (SI/NON)	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL (3)	PERSOA CON DISCAPACIDADE (4)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (5) (SI/NON)	SINATURA DO QUE AUTORIZA: (6)

* A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os/as fillos/as menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os/as fillos/as menores que con él ou ela convivan, así como os/as fillos/as maiores incapacitados/as ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

(1) Son solicitantes os/as compradores/as no caso de adquisición, os/as promotores/as no caso de promoción para uso propio e no caso de rehabilitación os/as propietarios/as ou inquilinos/as da vivenda promotores dela. EXEMPLO PARA A CUMPRIMENTACIÓN DO IMPRESO: solicitante, cónxuxe e fillo/a.

(2) Os/as componentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos/as menores, no caso de que perciban ingresos propios, poderán autorizar expresamente o IGYS, de conformidade co artigo 2 do Decreto 225/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non autorizar, deberán presentar a fotocopia do DNI/NIF.

(3) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente), PF (parella de feito legalmente recoñecida).

(4) Enténdese por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.2º da Ley 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.

(5) Neste caso teranse que acreditar os ingresos autenticados pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

(6) A sinatura implica que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita.

Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Para os/as menores considerárase a autorización no caso de que asinen os/as seus/súas representantes legais. Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.

_____ de _____ de _____


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DE CALIDADE DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CONXUNTOS HISTÓRICOS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI408B	DOCUMENTO SOLICITUDE DE ANTICIPO
--	---	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF	
ENDEREZO		PARROQUIA	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, na súa representación:

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
ENDEREZO		PARROQUIA	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATA DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DA CALIDADE:

De acordo co establecido no artigo 9.2º da Orde do 27 de maio de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a rehabilitación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, solicito un anticipo excepcional do pagamento de _____ €, que non supera o 50% da anualidade para o ano _____ da subvención concedida.

A miña solicitude de anticipo excepcional está motivada pola necesidade de facer pagamentos inmediatos polas seguintes causas:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia, Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade.

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, modificada pola Orde do 10 de maio de 2010.

Resolución do 4 de outubro de 2010 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA